

## **Extracto da convocatoria**

### **CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO (ANUALIDADE 2025).**

Extracto das bases da convocatoria aprobadas en Xunta de Goberno Local celebrada o 23 de xuño de 2025 pola que se convocan subvencións a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Boqueixón para o ano 2025.

#### **Primeiro. Obxecto**

Estas axudas teñen por obxecto a realización de actividades que complementen ou suplan os servizos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses do municipio.

#### **Segundo. Gastos subvencionables**

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira non dubidosa respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen no prazo establecido, e se axusten aos criterios que figuren expresamente na convocatoria. Enténdese para estes efectos como gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado na convocatoria.

#### **Terceiro. Beneficiarios**

Poderán acceder á condición de beneficiarias as entidades sen ánimo de lucro que reúnan os requisitos que figuran na base 5 das bases reguladoras.

#### **Cuarto. Bases reguladoras**

As bases reguladoras completas poden consultarse na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello [https://sede.boqueixon.com/sxc/es/informacion/tablon/2025/ANUNCIO\\_PROG\\_20250627093005079.html](https://sede.boqueixon.com/sxc/es/informacion/tablon/2025/ANUNCIO_PROG_20250627093005079.html)

#### **Quinto. Contía das axudas e dispoñibilidade presupostaria**

O importe da consignación presupuestaria ascende a 15.000,00 €, con cargo á partida 924.480.00, correspondente ao orzamento municipal do ano 2025.

O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os 1.000 € podendo acadar a porcentaxe de financiamento ata o 100% do custo total.

**Sexto. Tipoloxía do gasto**

Son gastos subvencionables os relacionados na base 6 das bases reguladoras. Período subvencionable: do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025.

**Sétimo. Prazo e procedemento de solicitude**

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente extracto da convocatoria no BOP da Coruña.

A presentación será a través da Sede electrónica do Concello de Boqueixón adxuntando os formularios que figuran como anexos ás bases da convocatoria xunto coa demais documentación da base 8.

**Oitavo. Procedemento de concesión**

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, atendendo aos criterios de valoración establecidos na base 11 das bases reguladoras da convocatoria.

**Noveno. Prazo de xustificación**

O prazo para a xustificación de subvencións rematará o 15 de novembro de 2025.